PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 6 de febreiro de 2025

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 6 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Dona Paloma Castro Rey
Don Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Dona María del Carmen Rodríguez Dacosta

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

A Presidencia deixa constancia de que o deputado do G.P. Mixto, Armando Ojea Bouzo, lle trasladou a súa intención de incorporarse en breve á sesión.

A seguir éntrase no desenvolvemento da orde do día:

Punto único.- Proposicións non de lei

1.1 1711 (12/PNC-000204)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co Servizo de Axuda no Fogar (SAF)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 19432), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Arias Rodríguez, Raquel (P)**, que expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada ao tempo que defende a emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Longueira Castro, Silvia (S),** xustifica o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG)**, agradece o apoio anunciado polo grupo da oposición, e propón unha transacción da que entrega copia ás voceiras e aos servizos da Cámara.

Auséntase da sala a señora Longueira Castro, Silvia, e incorpórase á mesma a señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen.

1.2 11759 (12/PNC-001116)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que publique un modelo de gobernanza do espazo de datos do sistema sanitario galego co obxecto de mellorar a prestación de asistencia, investigación e innovación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición de dous novos parágrafos por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 19426), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A continuación concédelle a palabra á **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** quen pasa a expoñer os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** para explicar o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención da propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** para poñer de relevo as diferentes razóns polas que non concorda con esta iniciativa de impulso.

A Presidencia ocupa un escano co seu grupo parlamentario e pasa a ocupar o seu posto a vicepresidenta, señora Vázquez Mourelle, Ethel María.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, tras incidir na importancia da iniciativa, explica as razóns polas que acepta emenda de engádega.

1.3 **14065 (12/PNC-001372)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co traspaso de fondos para o desenvolvemento de programas específicos de emprego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

A Presidencia, previamente comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 19434), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez López, Noelia (P)**, quen pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Auséntase da sala a señora Prado Cores, María Montserrat, e incorpórase á mesma o señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** explica o sentido da súa emenda e, asemade, propón un texto transaccionado que inclúa como engádega o texto proposto na emenda.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, intervén en primeiro lugar o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG),** que expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e anuncia que o seu grupo se vai abster na votación da mesma.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Pérez López, Noelia (P)**, refire as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, logo de responder ás alegacións anteriores e incidir na importancia da iniciativa.

Incorpórase á sala a señora Castro Rey, Paloma.

1.4 14889 (12/PNC-001455)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés un servizo estable de logopedia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 127, do 04.12.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición dun novo parágrafo por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (documento número 19428), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

PARLAMENTO DE GALICIA

Incorpórase de novo á sala a señora Prado Cores, María Montserrat, e auséntase o señor González Alfonzo, Ramón Tomás. Incorpórase, asemade, á sala o señor Ojea Bouzo, Armando.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, quen, logo de explicar o sentido da emenda, anuncia o voto favorable do seu grupo a esta proposta.

A presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda- intervén a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P)**, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e motiva o voto en contra do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, lamenta a postura do grupo que apoia ao Goberno e fundamenta a non aceptación da emenda de adición.

1.5 17608 (12/PNC-001645)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que habilite un espazo para que Ourense poida contar cun hospital de día infantoxuvenil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 145f2, do 27.01.2025

A presidenta comunica que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas unha de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 19429), e outra de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 19431), das que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos voceiros. *(Xúntase á acta copia dos ditos documentos).*

A seguir concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando as argumentacións que se expoñen por escrito e que aparecen publicadas no Boletín anteriormente citado.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes interveñen a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG)** e a **señora Amigo Díaz, Amigo Díaz (P)**, para xustificar a presentación das emendas de referencia presentadas polos seus respectivos grupos.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén o **señor Ojea Bouzo (M),** para posicionarse a favor da iniciativa.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodríguez Dacosta (S)**, logo de rebater moitos dos argumentos expostos anteriormente, explica as razóns polas que non acepta a emenda plantexada polo G.P. Popular de Galicia e acepta a emenda de adición *in fine* presentada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
e

1.6 17843 (12/PNC-001658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 9 máis
Sobre as medidas que o Goberno galego debe levar a cabo para dotar a Área Sanitaria de Vigo dos recursos precisos para garantir unha atención de calidade na sanidade pública
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 145f2, do 27.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, (doc. núm. 19430 e corrección de erros no 19441), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** que pasa a detallar os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, explica o sentido da emenda presentada polo seu grupo que modifica o punto 6 do texto resolutivo.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- toma a palabra a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** refire diversas discrepancias co que se demanda nesta iniciativa de impulso ao Goberno, polo que o seu grupo vai votar en contra da mesma.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** logo de criticar a postura do grupo maioritario, explica que acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia modificada na súa redacción orixinal segundo acordo acadado coa voceira emendante, co cal o punto 6 quedaría redactado do seguinte xeito: *"6. Reordenación asistencia da área de Vigo, coa construción dun Centro de Alta Resolución (CAR) coas especialidades máis demandadas pola poboación, no centro de Vigo, e outro no Morrazo, ao igual que a ampliación do Centro de Saúde de Cangas, e construción do do Hío. Así como rematar*

canto antes e posta en marcha do Centro de Saúde de Moaña, con todos os servizos incluíndo as urxencias médicas.”.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 1611 (12/PNC-000204), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. En relación coa proposta de transacción o G.P. Popular de Galicia non acepta a proposta de transacción, polo que se somete a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (GG.PP.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

1.2 11759 (12/PNC-001116), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega do texto proposto na emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. 19426), que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 12 (G.P.P+S)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 5 (G.P. BNG)

O texto aprobado é o seguinte:
«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a publicar un modelo de gobernanza do espazo de datos do sistema sanitario galego que permita mellorar a prestación de asistencia, investigación e innovación.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar co Goberno de España e as autoridades europeas, no desenvolvemento de todas as medidas que garantan a posta en marcha do Regulamento do Espazo Europeo de datos sanitarios, a súa confidencialidade e o servizo de interese xeral.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar cos colexios profesionais de ámbito sanitario de Galicia, e as institucións educativas e investigadoras, así como todas aquelas que poidan estar afectadas polo desenvolvemento do dito Regulamento europeo.»

1.3 14065 (12/PNC-001372), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 10 (G.P.P+M)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 7 (GG.PP. BNG+S)

PARLAMENTO DE GALICIA

O texto aprobado é o seguinte:
«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para reclamarlle os fondos necesarios que nos permitan poñer en marcha programas específicos de emprego a raíz do éxito dos proxectos piloto existentes na Comunidade galega.»

1.4 14889 (12/PNC-001455), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (GG.PP.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

1.5 17608 (12/PNC-001645), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa engádegwqsa postulada na emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (GG.PP.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

1.6 17843 (12/PNC-001658), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto transaccionado coa emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, no relativo ao Centro de Saúde de Moaña, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (GG.PP.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

A Presidencia agradece a todos a súa presenza e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:35 horas.

V.º B.º
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.14 11:10:46 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.03.14 10:39:18 +01'00'